

TEMA 2

HISTORIA DA NORMATIVIZACIÓN: A CONSTRUCCIÓN DA VARIEDADE ESTÁNDAR. INTERFERENCIAS E DESVIACIÓN DA NORMA

A **variedade estándar** dunha lingua é a variedade oral e escrita, que se emprega nos usos formais, no ensino e nos medios de comunicación..

Calquera lingua presenta dúas diferentes realidades:

- Lingua común ou estándar: unificada, común a todos e vehículo das manifestacións cultas desa lingua, sexan orais ou escritas.
- Variedades da lingua: variantes da anterior que poden ser de tres tipos: diatópicas (no espazo), diastráticas (segundo o nivel sociocultural) e diafásicas (variantes que dependen das circunstancias de cada acto de fala: asunto, ambiente, interlocutor...)

A lingua estándar serve de medio de comunicación común a individuos dunha mesma comunidade lingüística, sobreponse ás diferenzas e á variedade das modalidades faladas. Presenta un carácter conservador cun conxunto de regras de corrección recollidas por gramáticas e dicionarios.

NORMATIVIZACIÓN

O proceso a través do cal se “elabora” a variedade estándar da lingua denomínase **estandarización lingüística** ou **nortativización**.

Consiste na fixación dunha variedade estándar que sirva como modelo de corrección e referencia para tódalas demais variedades. Disto ocúpense os lingüistas e filólogos cando crean unha gramática ou cando establecen as normas ortográficas e morfolóxicas ou o léxico correcto que debemos empregar. É necesario establecer unha variedade común e coñecida por todos os usuarios.

Algunhas linguas como o español, o francés ou o portugués levaron a cabo este proceso ao longo de varios séculos (s. XVI-XVII), pero o galego, debido á situación de subordinación que viviu nos Séculos Escuros quedou á marxe del, conservado só como lingua oral e popular.

Cando o galego comezou a recuperarse como lingua de cultura, a partir do século XIX, (Rexurdimento) comezou tamén o labor da súa nortativización, con moito retraso respecto das linguas románicas normalizadas.

Nos séculos Escuros a lingua sufriu un deterioro: viuse alterada pola intromisión do castelán (especialmente no léxico e na morfoloxía), sufriu a disolución da súa unidade ó carecer dun modelo que servise como referencia e o seu vocabulario estaba limitado ás realidades primarias. As consecuencias disto foron a castelanización, a dialectalización e a ruralización do idioma, que suplía as súas insuficiencias (léxicas, ortográficas...) co modelo do castelán.

ETAPAS DA NORMATIVIZACIÓN

Os estudosos distinguen catro etapas no proceso de estandarización do galego:

1. **GALEGO POPULARIZANTE(1810-1880)**: empregado no século XIX polos autores do Rexurdimento caracterizado por reproducir a lingua oral. O referente ortográfico vai ser a ortografía castelá e o léxico está cheo de dialectalismos, vulgarismos e castelanismos. Desde o primeiro momento os autores son conscientes da necesidade dunha normativa que unificase as distintas variedades xeográficas do galego. (X.M.Pintos, Murguía, Curros, Rosalía) pero non houbo un grupo suficiente que se puxese de acordo nunha norma. Ó non coñeceren a tradición literaria medieval nin teren un modelo prestixioso que lles servise como referencia, cada escritor utilizaba criterios particulares. Tomaron como referencia a lingua oral popular da súa zona natal e adaptárona á escrita mediante a ortografía castelá, que era a que mellor coñecían.
2. **GALEGO ENXEBRISTA OU DIFERENCIALISTA (1880-1936)**: Ten a súa orixe na teima dos escritores do 1º terzo do século XX (das Irmandades ou o Grupo Nós) por afastar o máis posible o galego do castelán para remarcar así a súa identidade propia. Este obxectivo lévaos a incluír cultismos que prestixian o idioma, hipergaleguismos, arcaísmos e lusismos. Intentan eliminar os dialectalismos (unificación supradialectal) e avanzar cara a unha unificación lingüística.(Fixaron unha serie de convencións ortográficas). Nesta etapa é cando xorde unha certo intento de estandarización do galego coa proposta das **Normas pra a unificazón do idioma galego** que publicou en 1933 o Seminario de Estudos Galegos.
3. **GALEGO PROTOESTÁNDAR(1936-1980)**: Sobre a base construída na preguerra, inténtase buscar unha maior simplicidade ortográfica e gramatical, adoptar solucións supradialectais e corrixir paulatinamente os excesos diferencialistas da etapa anterior.
4. **GALEGO ESTÁNDAR(de 1980 á actualidade)** : xa no ano 1970 comezou un labor serio por parte das institucións para planificar a norma do galego. A **RAG** (Real Academia Galega) publicou as *Normas Ortográficas da Real Academia Galega* e creouse o **Instituto da Lingua Galega** (institución fundamental para que o labor de normativización se poida levar a cabo). Esta foi a base sobre a que a RAG e o ILGA elaboraron estándar actual, recollido nas **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**. A Xunta de Galicia declarounas oficiais en 1982, despois de acadar o galego o status de lingua cooficial de Galicia no Estatuto de Autonomía de 1981.

A elaboración das normas oficiais contou con fortes debates e discrepancias. Estas normas teñen como base unha concepción coñecida co nome de oficialista,ou rexeneracionista. O **REXENERACIONISMO**, non nega que existe un estreito parentesco entre o galego e o portugués, pero defende a identidade do galego actual como lingua autónoma con personalidade de seu que debe manter a súa individualidade sen deixarse absorber polo portugués para evitar ser asimilada polo español.

As normas oficiais contaron co rexeitamento da corrente reintegracionista, que considera que o galego falado é unha variedade da lingua portuguesa e que, polo tanto, o estándar do portugués debe ser o modelo para o galego culto. O **REINTEGRACIONISMO** defende que o galego se reintegre no portugués, xa que houbo unha época en que eran un mesmo idioma. Para eles a única solución para salvar, dignificar e purificar o noso idioma é que se reintegre no seu ámbito lingüístico e cultural propio: o luso- africano- brasileiro.

Entre estas dúas tendencias existe unha intermedia,a normativa de **“CONCORDIA”** ou de **“MÍNIMOS REINTEGRACIONISTAS”** que pretende un achegamento ó portugués fundamentalmente na planificación do léxico, xa que a completa aproximación ortográfica hoxe en día resultaría pouco viable. Declarouse sempre partidaria dun acordo que simplificase o panorama normativo galego.

As normas do galego foron revisadas en 1995 e en 2003. Esta última revisión introduciu cambios que significaron o achegamento das diverxencias existentes entre o oficialismo, o reintegracionismo e a normativa de mínimos. t

Na elaboración destas normas decidiuse:

1. Achegarse á lingua falada pola comunidade, desbotando as palabras que se impuxeron por presión do castelán.
2. Procurar dunha variedade supradialectal coa cal se identifiquen todos os membros da comunidade galegofalante.(non se impón unha variedade dialectal sobre as outras, senón que todas contribúen no estándar. A norma recolle sobre todo os trazos do bloque central, pero tamén recolle trazos dos outros dous bloques).
3. Preferir as formas tradicionais fronte ás innovadoras e aceptar formas xa consagradas polo uso na literatura.
4. Buscar a harmonía co resto das linguas romances e particularmente co portugués nos termos científicos e técnicos e mais nos cultismos.
5. Excluir os radicalismo diferencialista (que pode levar a falsas analoxías e vulgarismos), a evasión cara á lingua medieval e os lusismos innecesarios no noso idioma.

INTERFERENCIAS E DESVIACIÓNS DA NORMA

A norma estándar debe excluir as INTERFERENCIAS e as DESVIACIÓNS DA NORMA.

As **INTERFERENCIAS** son os préstamos innecesarios, aqueles para os que si existe una palabra propia na lingua receptora, e que son debidos á presión sociocultural da lingua dominante. Na lingua galega a maior parte das interferencias proceden do castelán (castelanismos), aínda que na actualidade son moitas tamén as que veñen do inglés (anglicismos) e, en menor medida, do portugués (lusismos).

- Os **castelanismos** innecesarios desvirtuaron o léxico ao substituír formas propias por palabras castelás (*pueblo, rodilla, carretera, señal...*) ou cargándoas de connotacións restrinxidas (*grifo-billa, escoba-vasoira, ril-riñón, labios-beizos...*). A influencia do castelán non se limita só ao léxico, senón que afecta tamén a todos os planos da lingua:
Fónico: por exemplo, a non distinción entre a vogais de grao medio abertas [e/ɤ] e medio pechadas [e/o] que permite diferenciar palabras [v e n/ven], [b ɔ la/bola].
Ortográfico: usar a ortografía castelá en vez da galega: *Boda-voda; abogado, avogado, armonía-harmonía...*
Morfosintáctico: por exemplo, o xénero das palabras en castelán [*o ponte, a nariz, a leite...*]. Erros na colocación dos pronomes persoais [*Me chamaches por telefono*]. Formas verbais compostas con haber [*non mo había dito*].
- Os **lusismos** son os préstamos innecesarios que se colleron do portugués, aínda que, dado o pasado común de ambas linguas, este considérase a fonte fundamental para o enriquecemento do léxico culto. [*ponto, meio, povo, amável,...*]

As **DESVIACIÓNS DA NORMA** máis importantes que afectan á construción da variedade estándar son os hipergaleguismos, os vulgarismos e os arcaísmos. Estas formas, xunto coas interferencias, deben ser evitadas, sobre todo na escrita e nos actos comunicativos formais.

- Os **hipergaleguismos** ou hiperenxebrismos, isto é, a falsa “galeguización” de formas que ben coincidían en ambos idiomas (Ex. *ambiente, inconvinte, primaveira, gasolina*) ou ben se sometían artificialmente ás mesmas evolucións etimolóxicas que sufrían as palabras patrimoniais (Ex. *urbán, semán, persoaxe, pranta, craro, pubricar...*).
- Os **vulgarismos**, resultado dalgún tipo de vacilación vocálica ou consonántica e que responden á mesma motivación diferencialista respecto do castelán: Ex. *verdá, virtú, a ialma, soio, amoto, arrabear, vran, pra, amare, comere, corazonhe, sasenta, probe, ministro, samáforo...*
- Os **arcaísmos** constitúen o tipo de desviación menos frecuente e apenas perviven na actualidade. Eran exclusivos da lingua escrita e dos usos máis formais. Ex. *ren, conquerir, vegada, ...*